



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de acometer obras de reparación en la N-540 por los daños causados por los temporales.**

La sucesión de borrascas y fuertes temporales de lluvia que desde noviembre están afectando a Galicia, con especial virulencia en los meses de enero y febrero, está dejando un importante impacto en el conjunto de las infraestructuras, particularmente en las carreteras.

Así, en muchas de las vías de titularidad estatal, la acumulación y erosión del agua ha agravado el mal estado que ya presentaban muchas de ellas, ensanchando baches, empeorando el firme y provocando también nuevos daños.

La N-540 es una de las vías más afectadas por los hundimientos en el firme, especialmente a su paso por Lugo, que han obligado a limitar la velocidad a 40 kilómetros por hora.

Conviene recordar la importancia de la N-540, única carretera de comunicación entre Ourense y Lugo, a la espera de la finalización de la A-56. El BNG ha presentado diferentes iniciativas reclamando al Gobierno un plan de regeneración y mejora de esta carretera que permita dar solución a los numerosos tramos con baches, grietas y mal estado del firme. El tramo de Chantada a Lugo está especialmente deteriorado, al igual que otros tramos de Ourense.

El mal estado de la vía es causa directa del incremento de accidentes desde 2024 y, además de suponer un peligro para la seguridad vial, provoca daños en los vehículos, reventones de neumáticos y rotura de lunas.

En este escenario, el Ministerio amplió el año pasado los plazos para la ejecución de las obras de rehabilitación estructural del firme entre los puntos kilométricos 0 y 68,9 en el territorio de Lugo y se había comprometido a reducir los plazos durante la ejecución de las obras.



Consideramos que dada la situación producida es necesario que el Ministerio lleve a cabo una inspección de la N-540 para actuar lo antes posible en los tramos dañados por las fuertes lluvias.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Realizó o va a realizar el Ministerio de Transportes y Movilidad Urbana una inspección y revisión de la N-540 para detectar los puntos especialmente dañados después de las sucesivas borrascas y fuertes lluvias?
2. ¿Puede confirmar el empeoramiento del estado del firme en tramos que ya adolecían de un importante deterioro, como el tramo entre Chantada y Lugo?
3. ¿Ha realizado alguna reparación de emergencia en los puntos especialmente afectados? ¿De ser así, cuáles?
4. ¿Emprenderá actuaciones de rehabilitación y reforma del estado del firme en los trayectos afectados?
5. ¿Cuál es la situación de las obras de rehabilitación estructural del firme de la N-540 entre los puntos kilométricos 0 al 68,9 y Lugo iniciadas en 2024?

Madrid, a 9 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 FEB. 2026 18:30:49

Entrada **98863**

Pregunta sobre os danos causados polos temporais na N-540

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de acometer obras de reparación na N-540 polos danos causados polos temporais.**

A sucesión de borrascas e fortes temporais de chuvias que veñen afectando á Galiza desde novembro, con especial virulencia nos meses de xaneiro e febreiro, está a deixar un grande impacto no conxunto das infraestruturas, particularmente nas estradas.

Así, en moitas das vías de titularidade estatal, a acumulación e erosión da auga agravou o mal estado que xa tiñan moitas delas, agrandando as fochancas, empeorando o firme e causando tamén novos danos.

A N-540 é unha das vías máis afectadas pois as desfeitas no firme, especialmente ao seu paso por Lugo, obrigaron a limitar a velocidade a 40 quilómetros por hora.

Cabe lembrar a importancia da N-540, única estrada de comunicación entre Ourense e Lugo, á espera de que se complete a A-56. O BNG ten presentado distintas iniciativa reclamando ao Goberno un plan de rexeneración e mellora desta estrada que permita dar solución aos numerosos tramos con fochancas, fendas e mal estado do firme. Especialmente deteriorado está o tramo que vai de Chantada a Lugo, así como outros tramos de Ourense.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 FEB. 2026 18:30:49

Entrada **98863**



O mal estado da vía é causa directa do incremento dos accidentes desde 2024 e, ademais de implicar un perigo para a seguranza viaria, provoca danos nos vehículos, rebentóns de rodas e ruptura de cristais.

Neste escenario, o Ministerio dilatou o ano pasado os prazos de execución das obras de rehabilitación estrutural do firme entre os puntos quilométricos 0 ao 68,9 no territorio de Lugo e comprometérase a reducir os prazos durante a execución das obras.

Consideramos que ante a situación producida é necesario que o Ministerio leve a cabo unha inspección da N-540 para actuar canto antes nos tramos danados polas fortes choivas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Está a realizar ou realizou xa o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel unha inspección ou revisión da N-540 para detectar os puntos especialmente danados despois das sucesivas borrascas e fortes choivas?
2. Pode confirmar o empeoramento do estado do firme nos traxectos que xa adoecían dun importante deterioro, como é o caso do tramo entre Chantada e Lugo?
3. Realizou algunha reparación de emerxencia nos puntos especialmente afectados? De ser así, cal?
4. Empezará actuacións de rehabilitación e reforma do estado do firme nos traxectos afectados?



5. Cal é a situación das obras de rehabilitación estrutural do firme da N-540 entre os puntos quilométricos 0 ao 68,9 e Lugo que foron iniciadas en 2024?

Madrid, a 9 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso